



282. Estela bifronte

Intervención arqueolóxica: escavación e control arqueolóxico das obras de consolidación e posta en valor da muralla romana de Lugo entre os cubos LV1 e XLII e nos cubos XLV e LIV, ano 1998, baixo a dirección de D. Enrique J. Alcorta Irastorza.

N.º Sección: 1999/08/02

Outros n.ºs: EPI-85

Procedencia: Lugo

Tipo de colección: depósito da Xunta de Galicia

Cultura: romana

Cronoloxía: ss. II-III d. C.

Materia: granito

Técnica: esculpido en baixo relevo

Dimensións: altura 80 cm; anchura 50 cm; grosor 20 cm

Conservación: regular. Restaurada polo taller BIC

Uso/función: funerario/votivo

Descrición: sobre un soporte rectangular, fracturado na súa parte superior e inferior, represéntase polo anverso unha figura sedente única, vestida con prendas aparentemente luxosas. O brazo esquerdo, nu na súa metade inferior apóiase sobre o xeonllo do mesmo lado, coa palma da man estendida cara a abaixo. No reverso, malia a degradación que sufriu a peza, e á rudeza con que se traballa a escena parece distinguirse á loba capitolina aleitando os xemelgos Rómulo e Remo.

Bibliografía:

ALCORTA IRASTORZA, E. e RODRIGUEZ COLMENERO, A.: «De nuevo, la muralla de Lugo cantera de monumentos funerarios», en *Larouco*, n.º 3, 1997, pp. 223-230.

MOCV/EJAI